

“A palabra debe ser indiferente ao sexo, á guerra civil e ao fume branco do Vaticano”

XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR • ESCRITOR

Unha das novelas do ano en Galicia é súa. ‘Para dicir abril’, obra ousada, erótica e poética, sobre o amor lésbico, preséntase hoxe en Pontevedra



Belén López

PONTEVEDRA | “É unha novela innovadora cunha gran carga poética na que abundan as figuras literarias. Sorprende o xogo temporal, a presenza do mundo dos sentidos e o achegamento a un tipo de sexualidade minoritaria”, dixo o xurado do premio Vicente Risco cando galardoou ‘Para dicir abril’, de Xosé Vázquez Pintor. Texto complexo, que parte dunha certa ousadía, revelouuse como un dos máis interesantes de todos os publicados en Galicia no último ano. Pintor vén hoxe a Pontevedra, á galería Sargadelos (20 horas; entrada libre), a presentar esta historia de amor entre mulleres, que pasou polas mans dunha editora que a rexeitou. A través do correo electrónico, dende Lalín, reflexiona sobre este seu último traballo.

Un desprezo editorial que rematou no premio Vicente Risco. “O que me deron na editorial son as excusas tópicas de quen non ollas as posibilidades coa certeza de outros títulos, de outros autores: “é unha novela moi arriscada; o

mundo feminino poder pensar que, dicir que, non sabemos si...; se aínda fose, pero non é...”. E un resiste, teima, afonda aínda máis e proba a sorte dos concursos, aos que case todo debo. O galardón foi máis doce, coma un melindre; porén sei e non esquezco que a fortuna literaria está comigo, por acaso dun xeito desmedido. Sigo sendo de por vida un ‘acheite’ das palabras, ese aprendiz da Literatura que amo”.

Honestidade e erótica feminina. ““Resultar honesto”, dis ben: é a grandeza de toda obra creada, en todos os ámbitos. Faise en camiño aberto, coas ousadías que dá a ledicia de saber que cumpres a función do lume que te abrasa dende sempre; e desabafas, enches a mente, incúlpaste e colles a chalupa da navegación para o océano, sen medo á travesía: es ti. A historia vén de antigo. Contra a intolerancia. Ser diferentes non é delicto nin causa de afastamento. Lembro na miña adolescencia un dedo índice, indicativo, dun machote en tertulia na terraza dun bar: “velaí vai a

tortillera, a es o qe lle falta é...” Aborrecín aqel tarde e aquel dito. Puido ser mcor; que tamén está no libro “Estación violeta” (segundos), en cada bre a prol das sexualidades, empe amor”

Poética. “É a rellc loubanza dos meus libros: a arg, que din poética. Non sei escribir e outra maneira; é un xeito d vió, acaso tamén as miñas limiciós. Os amigos que me len díme que é a miña credencial, a snatra identitaria dos meus texts; en en verdade xenerosas esta pabras, que eu sempre recollo: onra as dificultades que nos imóna andaina polo territorio dos sño; nunca renunciar; e resistir. “Toa Literatura é poesía”, acretio nsto; fíxate que soño e enfatiz Litratúra, co ele grande, diferenciar. Velaí o difícil alcance, a uopiamarabillosa”.

Sexo. “Teño crecente de quen le moito e din qe nas últimas semanas, mess, pucos anos, o sexo semella un h inundación, tamén na narritiv. Non sei. Son un lector con éfictades, tamén físicas, para esar n fervenza das

novidades que se publican. Teño tamén aquí outras eivas: ulisco a mantenza nas poucas páxinas e... se hai fartura literaria devoro, énchome, cargo as emocións e as ledicias por este achádego. Importa escribir “en honesto”, como falabamos antes; a historia pode ser secundaria: velaí o compromiso coa forza das palabras, a súa maxia, indiferente ao sexo, á guerra civil e ao fume branco do Vaticano e capitolios do mundo colonizador”.

Escritor de Agolada, de Cangas, de Melide... de onde? “Os tres lugares que citas son os meus niños de alma. Porén sempre ando a reciclar a miña aprendizaxe, bebendo da Terramar, plena, sen localismos, que nos dá en alimento a fermosura de existir aquí: “vivir aquí” como titulades con acerto as páxinas de Cultura e Vida do Diario. O meu mellor descanso é o respiratorio de Galicia: recollo todo a aire coma nun fol da gaita e espero un día que me cite para ese “escribe xa”, interno, obrigatorio, demandante. Non hai mellor recalada nin descanso. A miña terapia”. ■